

Para que unha factura electrónica cumpra coa norma e teña a mesma validez legal que unha emitida en papel, o documento electrónico que a representa debe conter os campos obrigatorios esixibles a toda factura.

INFORMACIÓN CONTIDA NA NOSA FACTURA

En **DATOS DE FACTURA** encontrará a referencia de contrato, número de factura, data de emisión, período facturado, así como o vencemento e importe. Esta é a información que necesitará darnos para calquera dúbida sobre a súa factura.

En **DATOS DO CONTRATO** hai unha información detallada do enderezo da subministración, e de notificación. Consulte, ademais, onde encontrarnos, o noso teléfono e o horario de atención.

En **LECTURA E CONSUMOS**, pode consultar o seu histórico e o seu consumo medio diario, así como o gráfico comparativo dos conceptos. Todo iso axudarálle a interpretar mellor as súas necesidades.

En **FACTURA** coñecerá como se reparten os conceptos, o custo e o tipo de IVE que se aplica en cada un.

En **INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA** poderá saber se ten pagamentos pendentes, se non podemos ler o seu contador, ou se nos falta información de carácter xeral. Póñase en contacto connosco se non dispoñemos de algún dato.

En **DATOS DE PAGAMENTO**, encontrará os datos da súa domiciliación bancaria ou a nosa referencia se vostede non ten domiciliado o recibo.

Saberá ademais cales son as **TARIFAS** vixentes e cando foron publicadas.

Na **DESAGREGACIÓN DA FACTURA**, verá con máis detalle, con importes de cota fixa, variable e impostos aplicados, así como o organismo receptor.

1 Autenticidade

O/a emisor/a da factura pode ser identificado inequivocamente

2 Integridade

Podendo comprobar que a información da factura non foi alterada

3 Non repudio

Ao ter a sinatura electrónica recoñecida, igual valor legal que unha sinatura manuscrita

4 Seguridade

Coa mesma validez legal ao cumprir con todos os requisitos técnicos e legais

5 Disponibilidade

Pode ser consultada dende calquera dispositivo ao tratarse dun arquivo dixital

6 Aforro

De espazo de almacenamento e de tempo para ordenar e ter ao día as súas facturas. Todo iso encamiñado a mellorar o medio ambiente



FACTURA ELECTRÓNICA
O cambio que vostede **MERECE**

¿Cales son as vantaxes?

As facturas en formato electrónico substitúen a documentación en papel e permiten aforrar o espazo de almacenamento.

Melloran a dispoñibilidade da información e a seguridade, xa que poden ser consultadas en calquera momento e desde calquera situación.

Evita o consumo de papel e os recursos de impresión de forma innecesaria.

¿Como solicítala?

Se é vostede titular do contrato, pode solicítala de forma telefónica ou por correo electrónico na súa oficina comercial.

Se vostede xa é usuario/a da nosa oficina virtual, recibirá dende este momento, o aviso por correo electrónico da dispoñibilidade da súa factura. En caso de desconformidade, deberá comunicar na súa oficina o desexo de seguir recibindo a súa factura en papel.

En calquera momento, se vostede desexa volver recibir as facturas en papel, só ten que poñerse en contacto coa súa oficina.

¿Cando consultala?

24 h - 365 días

O seu PAPEL é importante O seu TEMPO e ESPAZO tamén



1 DÍA
PERDIDO ao ano
en administrar
documentación
doméstica



1/2 DÍA
DESAPROVEITADO
en busca para
consultala



2 CAIXAS
De zapatos de
ESPAZO para
almacenala

Dende Gestagua dámoslle as
GRAZAS por facer máis sostible
o FUTURO de todos e de todas.

¿Qué é unha Factura Electrónica?

“Unha factura electrónica é un documento electrónico que cumpre cos requisitos legal e regulamentariamente esixibles ás facturas e que, ademais, garante a autenticidade da súa orixe e a integridade do seu contido, o que impide o repudio da factura polo seu emisor.”

(Lei 56/2007, de Medidas de Impulso da Sociedade da Información)

“As facturas poderán expedirse por calquera medio, en papel ou en formato electrónico, que permita garantir ao obrigado á súa expedición a autenticidade da súa orixe, a integridade do seu contido e a súa lexibilidade.”

(Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación aprobado por Real Decreto 1619/2012)

As nosas facturas electrónicas teñen a mesma validez legal que as facturas en formato papel, xa que incorporan medios que garanten a autenticidade da súa orixe e a integridade dos documentos así remitidos.

¿Dúbidas?

Consúltenos nas nosas oficinas

